

25-7-27

Núm. 43

nós

CASTELLÀS



BOLETIN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

DIREITOR LITERARIO

Vicente Risco

DIREITOR ARTÍSTICO

Alfonso R. Castelao

DIRECCIÓN E REDAUCIÓN

Sto. Domingo, 47 - OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o - A CRUÑA

ABONAMENTO

N O T A

Doce números, na Península	6·00 pesetas.
Fora da Península	8·00 ..
Número solto	0·70 ..

Este boletín non publicará mais orixinás qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidos, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

S U M A R I O

O retrato, Peito de lobo, O segredo, por Castelao.

Meditaciós compostelans, por R. Otero Pedrayo.

Da mitoloxía popular galega, por Vicente Risco.

As arelas da mosca semipanteista, por Magariños.

Bibliografía da prehistoria galega, por F. L. Cuevillas e F. Bouza Brey.

Os homes, os feitos, as verbas, pol-a Redaución.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

VICENTE RISCO

ABOGADO

Sto. Domingo, 47-2.^o OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano IX *

Ourense 25 Xullo 1927 *

Núm. 43

O RETRATO

Por amainal-a concencia guindel co meu fíduo de médico no fondo d'unha gabela e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; pero unha noite foron requeridolos meus servicios...

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agarraba por min ó pé da porta. Dóume as «boas noites» e rompeu a chorar e por antro saloucos saíllan as verbas tan estruchadas que sementes logrou decirme que tiña un fillo a morrer.

O probe pal turraba por min y eu deixábamle levar enselitizado pola sua doña. E tiven tan fortes enceios de complacel-o que sentín xurdir nos meus adentros unha gran cencia... E cando chegamos logrei arriarde de Melchor, e con finxido acolaimento confeselle que eu sabía moi pouco...

— Repara que fai moitos anos que non visto enfermos.

E o probe Melchor facendo un esforzo para que as verbas saisen enteiras sioume quedamente:

— O meu fillito xa non precisa de médicos, señor; eu xa sei que o coitado non pasa da noite. O repaciño váiseme e non teño ningún retrato seu.

Ay, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no íntre sentin ganas acedas de botarime a tirar.

E por verme ceibe de angueira tan macabra

dixenlle que unha fotografía era molto mellor que un deseño, asegurille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de outros razonamentos logrei que Melchor largase de mi voando a cata d'un fotógrafo.

O choyo quedaba arrombado e funme dormir con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono pelaron na miña porta. Era Melchor.

— Os fotógrafos non teñen magnesio!

E díxome tremendo de anguria. A faciana albeira e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais filei un home tan desfeito pola doña.

Prégaba, pregabe, e colliame as mans e ladraba por min e o misero decía cousas que me rachaban as entradas.

— Considerese, señor. Dous riscos de vostede n'un papelito e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. Non me deixe na escuridade, señor.

— Quén tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz morbudo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado.

Lluha luz canxa alumaba en amarelo duas fachadas arrepiantes que venlaban a morte. O neno era o centro d'aquela probeza da materia.

Sen decir ren senteime a dibuxar o que ollaban os meus ollos de terra e somentes ó cabo de algúin tempo conseguín afacerme ó drama que filaba e ainda esquecelo un pouco para poder traballar afervoado, como un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silenzo, fireume con istas verbas:

— O peliño de rato que ten agora quedoule así da enfermedade; pero tiña un pelo crecho moi bonito. Faga memoria, señor.

Confeso que ó volver á realidade non soupen que facer e púxenme a repasar as liñas xa feitas do retrato. E a voz de Melchor fireume no corazón.

— Pol-a y-alma dos seus difuntiños, señor, non mo retrate así. Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste.

NÓS

O silenzo volvete e Melchor esgazouno. novamente:

— Vosiede sabe como era o meu rapaciño, señor, que ainda un día lle chamou bonito. Faga memoria e dibúxemo rindo.

De súpito naceume unha gran idea. Rachei o traballo, ensumin o meu ollar nun novo papel branco e dibuxel un neno imaxinario. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo a surrir dende un relabio bárroco.

Entreguei o dibuxo e sali fuxindo e no intré de pol-el-o pé na rua sentíñ que choraban dentro da casa. A morte víñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está pendurada enriba da cómoda, e sempre di co-a mellor fé do mundo:

— Tiven muitos fillos, pero o mais bonito de todos foi o que me morreu. Velahi está o retrato, que non minte.

PEITO DE LOBO

AINDA eu era estudiante cando se criou no meu maxín a idea de facer un cabezudo, e como na mocedade todo semella ledo e facedeiro, busquel o tipo mais feo da vila para que todolos veciños escachasen de risa, sen facerme cargo da miña falla de caridade.

Traballei de firme para rematal-a obra que xa era sonada pol-o men creto de mañoso e xa figuraba en letras de molde no programa de festas.

E chegou o dia. Na praza non collía unha agulla. No adro da Eirexa un rapaz toco portaba un feixe de foguetes debaixo do brazo e o fogueteiro soplaban na mecha, agardando a primeira badeada das doce.

De súpito lanxeron os sinos, estalaron os foguetes e unha «ben afinada banda» rompeu a tocar. A cousa xa non tiña remedio. Saí o meu cabezudo e no mesmo intré a xente escahou a tir como facia nas comedias dos titiriteiros.

— ¡Peito de lobo! ¡É Peito de lobo!

I-enlón n-ua curruncha da praza xurdiron

chios firentes de mulleres que non dabán atafegado un orneo que chegou a min como un tremer de terra. Era *Peito de lobo* que quería esnaquizarnos: ó cabezudo e más a min.

Co medo que pasei non pudan gorental-o carneiro da festa. A cousa non era para menos. *Peito de lobo* nunca quixo poñerlle man ós fillos por medo de romperlle os osos, e contan que unha vez, querendo botar un barco ó mar, afundeuille o costal co lombo. Era moi home para min que xa me sentía desfrangullado nas suas poutas de ferro.

No remate da comida e cando miña nai comenza a dar gracias a Deus por tanto ben como nos dera velahi aparece diante de min a muller de *Peito de lobo*.

— Pois... eu vénolle decir que se garde do meu home. Vosiede é o pecado, señor. Eu xa lle perguntei: «Pero, ti, home, ¿onde te puxeche para que cheiras tan ben?». E o probe non fat mais que decir: «As espullas héllas de dar eu a ti». Porque mire, señor, o que más

mal lle pareceu foi que lle imitase as espullas do nariz.

Aquela tarde limpei de espullas o nariz do cabezudo *Peito de lobo*, preso na casa pol-a sua muller e pol-o medo de matar un home, acochouse cediño, ollando dend'o leito com os foguetes de luces tingüían de prata, ouro, verde e rosa, as paredes encalladas, escoilando o son lonxano da música e o estourar dos fogos. E cando de bulir no leito quedouse coim'un santo.

—
Pasaron meses e un bó dia atopéime con *Peito de lobo* no peirau da ríbeira. En canto puxo ollos en miñ virouse de costas e chantou a mirada no mar. E xuzgando que xa non quería comerme os miudos arrisqueime a falarlle. E dispois d'unha lería raposeira fomos a tomar un neto.

No segundo ano *Peito de lobo* apañou tal carpanta de anis escarchado que bailou co cabezudo na praça e dáballe bicos e aperturas e chamáballe «meu irmánxiño».

No terceiro ano saíu o cabezudo con espullas no nariz, causa que fixen por mandato do mesmo *Peito de lobo*.

Dende entón o meu amigo considerouse un pouco inmortalizado.

—
Fuxiron os anos e fuxiron as sardiñas pa'os xeiteiros. *Peito de lobo* envelleceu de anos

e de fame. As festas viñeron a menos, com os quiñons dos mariñeiros; mais o cabezudo ainda saía, anque un pouco desfragado polos tratos ruiños que lle daba o sancristán.

Fai dous anos estaba un forasteiro ollando o cabezudo, con ese ollar dos que van ás festas e non se divirten, cando *Peito de lobo* achaquéouse a il pasenitámenie e dándolle co cóbado deitou quedío na sua orella:

— Fixese no cabezudo e repare en mí. O cabezudo son eu.

Como se nascese destinado a ser unha cabeza grande de cartón *Peito de lobo* ollaba no cabezudo a sua forteza pasada, a sua esvaída popularidade.

O cabezudo non volvou a sair. O sancristán puxo enriba da cabeza de cartón o tumbo dos difuntos e co-a humedade do inverno aplacouse e quedou esmagada. *Peito de lobo* tampoco volvou a sair; un «aire de felesia» deixouno tolleito, e compre decir que lle dou o mal no mesmo intre en que o cabezudo foi vencido pol-o peso do tumbo ..

—
O ano derradeiro parei diante da casa de *Peito de lobo*. ¡Qué tristura me dou! Estaba no balcón, sentado, como un monifate de farrapos encostado no corpo vivo da sua compañeira. De pasada saudeinos con agarimo. *Peito de lobo* miroume con ollos de peixe podre e a sua muller dixome con bágoas nos ollos:

— ¡Alá se foi o cabezudo, señor!

O S E G R E D O

Tiña eu once anos cando meu pai, que estaba na Arxentina, chamounos cabos de si, e alá fomos embarcados, miña nai e máis eu, nun pequeño alemán. E axiña de arribar a Bos Aires pillamos un tren que corria molto e logo outro tren que corria pouco e dispois un coche de cabalos que nos levou a tombos pol-o deserto da Pampa. N'aquela soledade plantara meu pai unha casá para facerse rico, cavilando sempre nos eidos nativos; y-era forza perchalos ollos ó circio traballo en espera do retorno feliz.

A nosa casa era o centro comercial de dez légoas á redonda e ali vendíamos de todo e ali mizcábaimos tanto producia o país: lan, colros e prumas. O mostrador do comercio estaba defendido con reixa de ferro, porque na nosa casa — portelo obligado de moitos vieiros — paraban a cotío *gauchos* bravos afellos a tomarse de bebida para aldraxarnos co coltello na man.

Eu doíame de facel-o meu leito e de dormir enriba do mostrador, en compañía do outro dependente. Miña nai, a probe, choraba de verse

entre xentes sen relixión. E os dous, tocados da morriña, bolábamos de menos a probeza limpa de meus abós, que xa se tornara azul diante da moura fartura do presente, e no fillo en que os nosos ollos se avisaban desbalsabanse as bágoas.

Un día chegou ó comercio un vello *gaúcho* enxebremente vestido e atrangallado con mil adobios de prata. O seu cabalo rechinaba no palenque e os nosos cans ouseabanlle de firme.

— *Buen día, gringuito* — díxome ó entrar pol-a porta.

E cando viña en dereitura do mostrador abaneouse á maneira d'un trompo que morre e deseguida caeu ó longo batendo a cabeza no chan, co-pesar xordo d'un chamador de proximo.

Acudiron os homes da casa. O dependente sacou das faltriqueiras un espello pequenínho, puxollo diante dos beizos e vendo que non embazara co alento declarounos que o vello *gaúcho* xa non era do noso mundo. E disposi, sen ningunha oración, deitaron o morto enriba da mesa de biller, puxeronlle catro velas acasas e deixárono soyo.

Meu paí dispuxo que o dependente saise en procura do Xuez de paz e logo enfrentouse con todos e díxonos que gardásemos segredo diante da miña nai. Un segredo tan grande non cabía no meu peito de neno e axiña que o dependente se perdeu na lonxanía remaneceume o medo de dormir eu soyo no mostrador, entre tanto currúncho sombrizo, escoándose pol-as fendas do tabique lañado a luz do morto... Eu cismaba, cismaba, seguro de morrer de arrepión aquela noite; e a morte xa me parecia o xeito de libertarme do medo.

Chegou a noite, escura coma boca de lobo. Eu degoraba boiar fora de min, n'un brado ceibedor, aquel medo abafante.

Ceamos e disposi de cear viñeron os contos de risa que eu escoutei de moi lonxe, ensumido en mí mesmo, esgotado de todal-as forzas. E no intre en que chegaba xa o fin do mundo pergunto meu paí, surrido para min con agarimo:

— ¿Queres dormir connosco, rapaz?

NÓS

Ay, a vida voltou n'unha branca labarada e o corazón puxose a repeninar na láboa do peito.

Cando íamos a deitarnos os ollos de miña nai eluscaron nas tebras da noite unha fita de luz marela crebándose n'unha morea de calxóns e barricas.

— Anda, meu fillo, imos apagal-a luz da sala de biller, que quedou acesa.

A derradeira verba callouse nos beizos de miña nai porque eu collinme a ela endouecido de medo e da miña gorxa rachada fuxeu un chio arrepiante que apuñalou a negrume do silencio.

Acudiron todos e todos se riron de min; sómentes miña nai esculcábame cavilosa.

A probe de miña nai, sentada no leito, perguntaba, preguntaba... «¿Qué facía ali aquela luz? ¿Porqué non deixaron que fose apagal-a? ¿Porqué o rapaz pegou aquel chio de paxaro agoirento? ¿Porqué a luz seguía acesa? ¿Qué había ali?».

Miña nai sigueu preguntando e meu paí rindose d'ela, facendo que se moqueaba das suas cavilacións; mais eu vin que de tanto falar da luz meu paí mesmo colleu medo. E disposi de duas ou tres horas funme quedando na lentura das sabans, e cando chegou o día xa fuxiran os medos todos.

Namentras vivimos n'aquel deserto miña nai non se decatou de que calquera de nós podía morrer ali e podía ser solerrado como un can, y eu soupen gardal-o segredo.

CASTELAO.

Non deixe de mercar

COUSAS por CASTELAO

Prezo CATRO pesetas

MEDITACIÓS COMPOSTELANS

Trivium e Quatrivium

I. Verbus

Da pedra e da fala son as primeiras verbas da cidade. Pedra acugulada en cotos, deilada en laxes, ceibe en outeiros, escordida nas fonduras abyssales n'as que garda unha friaxe intrestelar, cicais, percorrida as vegadas polos círculos vibradoiros do lume astral pechado no curazón do planeta. Cando as augas do ceo arroyaban riba das pedras virxes medraba un lobio medoñento nos cotos prepostólicos; os aires camiñantes da montaña á mar e da mar á montaña fazian tremer a pecha touza e o silenzio vexetal acougabe na sombra verdecente logo de cruzar, remexendo lastecamente, o lombo nervoso das bestas bravas. A primeira fala tivo por conselleiros e guiadores a auga i-o arboredo, o vento e a chuvia; as pedras estasieronse ó ouvila e teñen dendeñón, unha figura anciosa, d'agardar pola verba do home. No reino do granito e da pizarra infa non rachaba a reixa do arado ni a aixada amolecia en regos ao torrón agarrimoso da sementeira. Do seixo nasceu a faixa que fixo latejar nos lobios a roseira lumiosa do incendio e figurou nas pedras un beilado orxasteco. No seo da pedra medrou o primeiro altar e alondiuse a primeira coba. Ten Compostela instantes nos que a pedra voltase ceibe envolvendo o home no silenzio e na friaxe do primeiro tempo non medido. Perdense as formas e as figuras, morren os mentos vexetais e artísticos criados polo traballo e pola vida, e a pedra volve á sua nudeza sacerdotal carregada de consellos e de cósmicas voces. E, oigoal que a noite asulaga no informe a todal-as cousas, a pedra de Compostela, baixo o sol ou envolvela na chuvia, xuntase toda ela a dos monies e a traballada polos homes, na neboeira da pedra eternamente sinxela e

moza como o aer e a mar. Logo a néboa vaise espallando ós anacos e o pesadelo desmasiado forte prós peitos humanos deixá xurdir, outra volta, a ondeada disposición das cousas e todo reino das formas organízase nos acostumados círculos garlmosos pró ollor e pra lembranza. Mais sempre fica un pouco d'aquell baño de pedra astral, de pedra nua, da pedra calada dos orixes sempre renascentes. E ben sabemos que dende o Pico Sagro ás torres agromadas da Catedral corre na pedra unha vibrazón; esbará polo laxeado das rúas coma a yauga na invernía, medra nas columnas ergueitas, decorre na descuberta simplicidade dos muros, crébase un istantiño afiando os diedros, trema no oco das cúpulas, xoga nas balcoadas e na cume da torre fai más grave o batelar das campás. Nas estacións do vivir da pedra hai momentos en que a fror da pedra se pecha e outros en que a fror se espalla com'una rosa ó sol.

Comunidade sinxela e compreta da pedra (da montaña, da lumieira, dos pasales do río, do poio da fiesta, da lousa do címiterio, do canicelo hestoriado) soilo comparabre c'á da fala. A primeira voz humana foi seguida d'outras hastra hoxe e mañán, nascidas no mesmo cerne, aconselladas e guiadas polo espírito da terra. Pois o acento é sempre o da y-alma inmorredoura. Eiqui ecoaron as desemellantes verbas do mundo, mais a pedra nel soilo agarriá ás galegas filas d'ela. Cinguen á pedra e dánlle un vivir de tal xelio que si morreran a pedra pecharíase nunha informe nudeza morna e calada e voltaría á edade primaria planetaria e privada do senso humano.

A pedra compostelán vive leda e forte agarrimada polas falas galegas que casan c'as suas feituras, vivindo xuntinhos como a rosira e o alcipreste no xardín, a auga e o rego, o san-

gue e a carne. Acolle as verbas estranhas, enfa outras novas, vai desenrolando o camiño do romance atlántico, dándolle a todas as novas o acento e a yalma da paisaxe e da terra.

O primeiro ensenzo, a gramáteca pra iniciar a comprensión de Compostela: ouvir, sentir, latexar c'a pedra e c'a fala.

II. Tropus

Pra falar é preciso lembrar e comparar tendo cada terra unha retórica adoitada e dirixida pol-o seu xenio. Tamén ocorre que chegan retóricas estranhas a pendurarse nos nosos muros e a cobrir con feituras mintireiras os nosos sentires. Mais estas retóricas inda que duren moito están privadas de vida, están mortas c'a comicidade da morte o igual que o cadávare vestido d'eliqueta ou de corte, igual qu'os aduvios da festa andaluza cando a yalbe ou a chuva esborrallan o engano d'unhas horas de noite de verbena. A fala atopa no pobo a forma artística do cantar, e na pedra, na madeira, no barro, no ferro e doce curvatura do arco, a grazia das follas, a bulreira caricatura, a leda espranza, o pranto do arrepentimento. O pobo ven a ser a pedra étnica, adautada á pedra praneira. Os homes en Compostela tiveron dend'orixen a sua retórica traballada na materia e na materia vivente da fala. Pra sentir non hai precisón de moiñas cavilacións; c'o ensino da gramáteca da pedra e da lingua temos d'abondo. Fuxir sempre d'o aparato de estilos, d'escolas, de tempos e d'homes. Pois soilo teimamos chegar a unha sinxela impresión a eterna, a úneca, a primixenia. Na pedra traballada, atopou a retórica da cidade o seu xeito d'expresión. A nosa pedra pol-a sua intelectiva feitura gosta de ser traballada con grandes golpes de cicel ou de pico. Outras pedras nádas no seio da yauga, com'a caliza, piden un tratamento finíño, de orfebrearia, e n'elas pódese nun curto espazo producir figuras pequeninas e finiliqueiras xeométricas, xogo d'artífices vellos, esperimentados, voluptuosos. No granito é preciso o traballo súpeto, forte, xenial, de poucos trazos, firmes e dominantes, pra sacar unha valente figura cheia de vida ou unha follatería apenas traçado mais sensibre ó sopro dos ventos. Nos capitels, canicelos, e arquivoltas afrouma un vi-

NÓS

vir enerxico e saudoso, destemido ou resiliendo no que o espírito do pobo, a natureza e a teoxía, interpretadas por maus céltigas, chegan con pouco traballo a producir unha feitura da yalma; a testa apenas arredondada, a esca simpre indicada abondan pra traducir o sentimento senselivo e vivente no aer politeísta do mundo. Un rapaz espirillando n'un buxo, un canteiro erguendo un portal de perpiañío, o oleiro dibuxando antigos e sinxelos motivos, zodiacas da yalma céltiga, expríman a retórica, a maneira de falar, da nosa terra.

Si c'o pensamento e c'o ollar afundimos un pouco mais, atopamos outro feito anterior os homes; a yauga lontando musical pra criar, século tras de século a forte riqueza das formas da roca. Ollando pra toda Galiza, pra un anaco d'ela, pra un penedo isolado, pra un eroyo cinguido pol-as augas rebuldeiras do río, atópase sempre, o mesmo ledo nacemento de formas viventes, variabres, sempre cambiantes, sempre en matís, coma si non quixeras cinguirse ós termos fixos das clasificacións rematadas, e estiveran desenrolándose, en formas remanecentes unhas das outras. O monte ten chaos e o chao desfaise en colos a costa en quebradas e a quebrada artellase en infinitos síntomas d'asucamientos. Non é posíble o mapa topográfico da Galiza a non ser que s'invente unha crave nova, dona das formas viventes, que sexa a esquirtura musical das sinfonías, e dos solos, dos scherzos das sonatas, das fugas da paisaxe. E pol-o tanto o home nos seus traballos labregos e nos artísticos, segue a lei da natureza e leva na man a vivente variedade do mundo.

En Santiago o ensino do *tropus* está a cargo de mestres sempre mozos: as arquitecturas que d'un xeito xeneral chamainos románico e barroco. Elas falan a lingua da terra en forma artística coma a falaron os poetas dos Cancioneiros, como falaron Rosalía e Carvaxal, Castelao e Cabanillas.

III. Ratio

Moitas ensinanzas: filosoficas teñense espadillado dend'as cadeiras de Santiago. Deixaramos pol-o momento. ¿Cál é a filosofía d'ista cidade? Pol-o pronto convén notar unha cousa limiar: a lóxica deixá fora o cerne do

problema filosófico. E un camiño pra procurar verdades mais de paso gozase en ir creando novo e longo camiño. Feito o parecer esencial: o pensamento galego, destemidamente vitalista, non fura hastha a entrana dos problemas esenciais. Síntesis, abrangueos, xoga c'os iles; endexamais teima resolvilos. Pra deixarse lexar, gostosamente, pol-a danza dos veos das suas maximacions aceta o postulado e a solucions das escolas. Mais non somos donos d'affirmare en que xeito cré n'elas. O sentimento de vitalidade do pensamento galego non deixa vagar d'abondo pra isolan o esqueleto d'un sistema, arredor de calquera das intuicións foudas e sempre presentes, pois o esqueleto filosófico e de fora como dos moluscos. Unha filosofía de xogo e de prazer; cicalis crénte, cicalis escenteca. Coido mais doada a primeira soluzón pois o escenteco, espírito enxoito, isola, simplifica, fórmula. Novo pensamento filosofa vivindo. Inda en pequenínio procura en síntesis viventes. Iste xeito franquease á espranza. A xulgar pol-o camiño que lexau as cousas hai direito a pensar que os vellos teólogos e filósofos d'espírito galego alentaran millor no aer filosófico d'hoxe qu'os seus colegas d'outras terras. Na Galiza medrou o *Ensaio* no sonso moderno. A propia incapacidade pr'a Metafísica *ad usum scholarum* pode ser unha prenda de novidade pr'a porvir. Eiqui a Fisica, no senso amprio, envolveu e non deixou xurdir a Metafísica: hoxe pol-a Fisica chegarase ó espírito.

A Fisica ten molto de común c'a retórica. E vivente, oportunista, recriadora. O galego c'a sua lóxica frenemateca acostumase a total-as cousas e terras. E unha lóxica mais amiga da feitura da proposición que do schema do xuicio. As verbas matemáticas dos sistemas endexamais tiveron eiqui vitalidade. O gólico e mais o greco romano, lóxica ergueita, froreceron c'a retórica da terra e non deixan ouvir o cravo siloxismo sinon a vidadade que souperon dô chán.

IV. Númerus

O decorrer do tempo vai formando o número. Millor dito o número nasce isolando porcios do infinito río que vai pol-o cerne e pol-a superficie de total-as cousas, en correntes que

s'allan com'os que brillan un instantiño baixo a sombra da ponte ou do arboredo, ou en vastas marelas que non adevirta o novo ollar e asulagan mainamente as construccions materiais ou ideolóxicas, os tempos e as ideias, e tamén hai ese outro tempo que vai cambeando as folturas das montañas, das costas, de toda a curtiza da terra. Pra falar d'isto é preciso usar verbas que perderon sua significanza e forza de usadas na vida dos homes e solo gardan unha imaxe lonxana do decorrer das cousas.

O sentimento d'un tempo poderoso envolve a San-Iago dend'a primeira coba, dend'a primeira ollada cavilosa. Chegou o reló. A Be-ranguela conta, vai isolando o contalos, os números da riola infinita, medindo o crecemento das moncholas d'ouricelos, o afundimento dos sucos dos ríos, o esborrallamento das familias, a medra das greas de mortos e vivos. Contar o tempo foi a grande empresa dos homes; quixeron ca sua aritmética suxetar todo o latexar do Cosmos. Mais n'os logares onde vive un espírito o número acugulado no seu camiño (a hora despois da hora) solo deixa airás flas d'esqueletes na nosa figuración relativa: verdadeiramente o tempo vai afiando e solidificando a materia do mundo hastha facela transparente. Ansias eirexas románeas, os cráustros, os laxedos das rúas, foran perdendo o pesadelo da materia e solo a ideas e mais a síntese espíritoal do artista fica locente e puro. Pol-o que ó remate as cousas que chamamos vellas están mais preñado do espírito. O que s'adeprende en Compostela non pende da mudanzas da moda ou do invento humán, non ll'intresa o xeito american ou mecanista. E un tempo que non é tempo, sempre moro e identico a si mesmo: o que desfai o angulo do edificio e fai xurdir a nova verba románea; o que s'erguese dos grades e do nacemento a idea de Galicia ceibe. O tempo que afia as costas dos penedos e dos montes e presia unha lús nova, a cada istante, os ollos da mención. Agora que pra vivire n'iste tempo é preciso adeprender a ceibarse do lastre impuro da costume. En certo senso a morte non é mais que o acugulamento das mortes parciais feitas pol-a falla da reaución do noso espírito contra o peso dos restos mortos de cada hora. Hai que obedecere a ista sempre

regra; deixar atrás os hábitos. Soilo d'iste xeito viven as pedras e o espírito da cidade. Ca nosa soberbia coidamos levar connosco o sino das cousas e do mundo. O tempo en Compostela adquiere a sere mozo. As xentes que non están afeitas a ollar pra dentro sofren co pesadelo do tempo cristalizado en pedras e lembranzas. Mais pró acostumado a arte do paseante isolado polos arboredos do espírito, si hai espavento porque saben que a matemática da alma é unha lingoaxe semellante a que na cidade de pedra e tempo vai medindo as bateladas do reló o ledo esperiar de cada hora nova. Pois cada unha d'elas soilo recolle da anterior unha arela de vivente esperanza.

V. Sonus

Os vellos da arquivolta da Gloria tocan no seu círculo saudoso de ceo e d'eternidade. Dianantes e ó tempo d'eles cantan as augas nas pedras, canteron as augas e as yarpas, dos pelingrís, cantaron as novas verbas criadas a golpe d'auga na materia da llingua. Ó longo dos séculos vai erguendo Santiago un cancio coral, iniciado no culto céltico dos anteriores encobado nos túmulos primeiros, eisaltado cando os ocos dos templos agarimaron o crecemento dos temas. Canta a chuva na pedra ordeada, co mesmo soar qu'os picos dos canteiros, e as campás fan voar néboas musicais riba do froacemento material da vila. Toda unha neboira de salayos e d'espranzas esperta pola mañán, seréase dóce, arreconchegase protetora e acendese a lámpara do estudo ou do arrependimento. O ensino da música compostelán é d'un esperiar d'armunias novas, conforme o vivir do espírito. Pois os mesmos loques e as mesmas bugas d'orgao queren dicir todo o novo que lle pon noso espírito. Música compostelán medioeva e creadora, sempre esperta ou durmida levas o lirismo concertado das moitidumes. Hai horas do espírito e da vila nas que as arquitecturas, as lembranzas, Xelmírez, os pelengrís, os trovadores, as gresas de peisanos, as espranzas da terra, a ledra marcha carón porvir adequiren un corpo musical tan leván e vibradorio que se ollan as yalmas volvoretando no seu río sonoro, e brillan a través da néboa musical as grandes estrelas eternas raiolando benzoas. O

concerto de Santiago brinca por riba dos montes e chega á mar enchendo toda a redondeza da terra galega. A nosa música espallada no pobo e na arte e no vivir non tivo infa un xenio individual e creador, cicas pola mesma furturante riqueza de vivir saudoso. Pois saudoso quer dicir musical, arela mais ceibe na idea e na criazón que a procurada ca pedra, a verba, a coor.

VI. Angulus

A Xeometría parés gardar un pouco d'aquel ouxeto primeiro que tivo: a medición da terra. Por ela foron posibres os trazados dos eldos e das vilas, dos camiños e das pontes. Arte ó servizo inmediato da necesidade. Logo espallouse ós montes e ó Universo enteiro. A idea ou sentimento do mundo newtoniano viveu sempre n'Ocidente baixo unha ou outra forma. Diu, no tempo cráscico da ciencia moderna, unha tranquilidade chea de xiada grandeza intelectual. Mais por baixo e por fóra e arredor da sistemática, voaba un sentimento vital, primeiro intuición de poetas, logo gosooso froito da ciencia nova.

Os séculos XVII e XVIII inscribiron grandes poliedros no curazón da cidade; contado n-eles e dinantes nas arquitecturas vibradoras de sinxelo espírito, houbo unha manreira de tratar ás masas. Propia da terra e da cidade. As formas xeométricas non son perfeutas; os diedros non son reulos sinón que parecen ter unha certa emoción vexetal coma si por eles rubiran as enerxías da terra. A Xeometría arquitectural en Santiago lembra as imperfeitas cristalizacions que se fan nos seios criadores da natureza na que non se forjan ises cristás dos modelos das cálidas sinón moy poucas vegadas coma si houbera unha idea organizadora e sempre impedida por escuras e celibes correntes. Son formas neboentas que terán *idea* do sistema sin chegar a realizalo pois opónselle o movemento do vivir da materia arelante de espiritoización. As pedras de Santiago tiveron a idea de seguir as leis do intelecto puro pola sua conformidade inicial. Mais no feito o granito e a pizarra sentían vibracions escasas e vidales, e tamén os artistas traballando a roca estrana da terra, deixaron un istante amolecer a sistemática adprendida

e non puderon impedire nas paredes un senso de superficie de coto ou d'árboles, na torre un agromar abrileiro ou un tremor outonizo, na masa enteira do edificio - pazo, krausto, templo - un xogo de savias zugadas no torrón do chan e da raza que ven por baixo da Teóreca e inspira unha feitura vital ó conxunto en diferentes grados manifestada mais sempre dando a emoción de causa que caiñña a celbarse no espírito. D'un xeito primordial pódese dicir qu'en San'lago manda unha Xeometría de bosque, non de piñeiral gólico sinón de souto e carballeira acaracochada medrando secularmente n-un chan d'*humus* vexetal e humán, soante os ventos, dormilenta na sesta vexetal das horas do sol, pobrecente superficialmente no inverno ca praguiza das vexetacións homildosas encobridoras da composición mineral das rocas. No aer mollado unha semellanza cas fróres da mar decorando as feituras das rocas, dos navios e das vilas asulagadas. A cidade lembra un souto no que as bateladas foran os cantos dos páxaros e o golpe do pico verde nas trabes mortas. O vento arrinca niños, renchén os árbores vellos, hai sombra fresqueira da aldea.

Despois de tanto tempo garda San'lago a vivente louzania, a dor e a legria do lóbio primeiro que acougo o tempo inicial da cidade.

VII Astra

A estrela que señalou a coba apostólica segue brillando no ceo monteiro de San'lago. Estrela mais ben de porvir que de presente, de yalma que de lume. Indicou un camiño; o que as esencias millores da raza teñen de seguir pra chegar á sua prena redención. O camiño está marcado pol-a estadea centelleante da Galaxia. É doado chegar á materialidade presente de Compostela, mais ise camiño tremolante d'estrelas manda emprincipiar, e seguir e rematar unha laboura que tén o final o premio do San'lago ideal do porvir, do San'lago traducido materialmente na cidade d'home e d'onte solo d'un xeito incompleto. Pois ¿qué son as pedras sin o espírito? O espírito é causa dos camiñantes; vaise facendo no andar, no malmo camiño - ás vegadas ben duro e esgrevio - da liberación interior. E il será o

verdadeiro facedor de Compostela do porvir. Entón a idela gardada na vila de pedra será ceibida e locirá no aer lumioso d'unha Xerusalén galega, capital na historeia do mundo como foi, inda qu'imperfeitamente, n-outros tempos.

Dicimos imperfeitamente pois non abonda con chegar, devotíños, á eirexa ou con gardar amorosamente as pedriñas santas da cidade antiga. O primeiro pódese facer en calquer ermida campesiña e hastra nos templos que chaman os fícis na veira das rías asalladas, e respecto do segundo hai que dicir valentemente unha causa: prefirímos ollar unha Compostela roinosa, volta un coto de esnaquizados restos comeos pol-a vexetación dos fogares esquenidos, dinantes de gardar n-unha vila soilo de turismos, d'hoteles pra comareiro dos viaxeiros de *Kodak*.

Por algúns razóns supremas é a Galaxia unha nebulosa e non un sistema d'estrelas fixas. De tal xeito xurde, pol-as noites, o noso considerar: como unha néboa astral. A pequena familia solar xai en procura, asegún os sabios, das estrelas de Lyra. Pois a Galaxia señala a todolos galegos un debere de camiñar car'a perfección. Un camiño que cada un tén que facer no seu cerne, no mundo da propia concencia de tal xeito que cada dia marque un progreso e o final de cada éstaxe tenha un premio na propia satisfacción da yalma.

Quen traballa por Galiza traballa polo San'lago ideal que soña a Terra, polo reñado do Apóstolo peligrino, polo ceibe vivir das crencias da raza. Día chegará no que sexamos cidadáns do mundo superior. O que vai dito dend'a verba hastra a Estrela e soilo un traballo, ben doado, d'inicación. Tomamos exemplos da arquitectura; igualmente poderianse sacar da poesía, da filosofía e do xenio do pobo.

Agora é preciso lembrar que despois do Trivium e o Quatrivium vai a Teoloxía vestida de branco com'a Beatriz do Dente. Mais pra nosa laboura homilde abonda con que cada un adeprenda e prautique as sete artes liberaes e liberadoras.

R. OTERO

DA MITOLÓXIA POPULAR GALEGA

Os mouros encantados

A leenda.

Hai na nosa terra, e mais tamén no Norte de Portugal e nas demais terras que colle a nosa provincia etnográfica, abastanza de molementos prehistóricos: *castros e cianias* nas abas dos montes ou na croa dos outeiros; *entas e mámoas* espalladas pol-a gandra ond'o traballo da terra non chegou pr'as esborrallar; *pédras escritas ou riscadas*, que dos nosos arqueólogos recibiron o nome d'*insculturas*; hai ainda cousas mais recentes: *camiños vellos*, do tempo dos romanos ou do tempo dos pelegris de Compostela, por algúns dos quais xa non anda a xente; *miliarios e lápidas* qu'eiquí deixaron os empregados ou os soldados de Roma, ou postas por algúns nosos abó romanizado; *castelos*, do tempo dos señorios, qu'aínda teñen dereitas as eiro paedes d'unha torre senlleira, á que fan picos de croa os canzorros da desfeita barbacana; *eirexas* ond'estranhas bestas de pedra, feras, bulreiras ou lascivas, axexan dend'as impostas e dend'os casneiros.

Hai nas nosas montañas liras *penedías* ond'o traballo das augas e dos aires, rillando no cerne da pedra de grá, semellando coma s'unha intelixencia os guíera, déuilles un raro feito, esburacounas de diverso xelto, abrindo n-eles *corgos* e pozanzas ond'a y-auga do ceo fai demoranza, *quelleas*, *escadoiros* e *cadelras* onde s'un pode asentar ó seu gusto coma si foran feitas atergo pra recibir o corpo do camiñante canso; hai no ermo, lonxe dos camiños, acochadas ou non á sóma dos arbres, rústicas *fontes* cheas de misterio, que delitan en silencio auga crara e fria; hai *covas*, *buratos*, *furnas* e *furadas* resultantes da disposición natural dos penedos, ou abertas pol-as augas da terra ou do mar.

Se perguntades ós nosos paisanos quen ergueu ises mollementos, quen deseñou circos e cruces nos penedos, quen labrou as lápidas e costruíu as torres e as eirexas, quen abriu as

fontes e escavou as covas, e formou nos rochedos pozas e cadelras, diranvos que foron os *Mouros*. Cada un d'ises moimentos, cada un d'ises rochedos, ten a sua leenda, diferentes todas más que varian arredor de poucos temas que se repiten eiquí y-elí, e que todas viven dar ó mesmo, pol-o común. todos ises moimentos, todos ises traballos qu'ás vegadas semellan de xigantes, son cousas *do tempo da Mourindá*.

E ainda hánvos dicir muitas vegadas qu'ises mouros que etales cousas fixeron, non desapareceron: *viven ainda* n-aquiles sitios, acochados ós ollos da mais da xente, debaixo de terra, gardendo imensos haberes, ouro ás moreas. Hai moitos qu'os teñen visto, e mesmo teñen vislo os seus tesouros, cand'os sacan a asoellar.

Veleiquí, en síntese, a leenda que todos teñen ouvido referir.

Ora, quén son istes Mouros? Son os Mouros históricos, os nemigos seculares dos pobos cristianos da Península, que deixaron eiquí o terror das pirmeiras embestidas, das algaras d'almanzor, a lembranza d'unha guerra case constante e que non leva traza de rematar?

Ou son os Mouros tan pouco desfigurados da épica e da leenda castelán?

Son xiquera os da leenda e da épica medieval europea?

Ou son mais ben, no seu orixe, coma quer Murguía, xenios de caraute demoniaco, sobrevivenza dos nosos mitos pre-cristianos?

Ou son, coma pensa Cuevillas, e sospeitou Martins Sarmento, lembranza das poboacións autóctonas, prehistóricas ou proto-históricas de Galiza?

Somentes estudando por miudo estas lendas e pónndoas en comparanza cos seus paralelos estranxeiros, poderemos pôr en craro iste asunto. Imos pol-o tanto, no que podamos, ir determinando os carauteres xerás das lendas coidadas.

Os encantados.

Pirmeiramente, compre distinguir duas sortes de casos: hai vegadas en que contan qu'os Mouros estiveron no sitio, mais agora xa non están, anque tamén acontez que non estean inteiramente d'accordo as diferentes leendas referentes ó mesmo sitio. Por eixemplo, no Castro Grande e no Castro Pequeno da Punta do Neixón, na ria d'Arousa, perto de Rianxo, din qu'aquellos foron trincheiras dos Mouros, e n-elas defendéronse denantes de seren desbotados d'esta terra. O qual non quila pr'a que o abó d'unha das informadoras acordara ainda os Mouros vivindo por aquiles paraxes, pra qu'unha parteira de Nine fora levada ó Neixón pr'existir a unha muller da raza misteriosa, nin pra qu'outros atoparan ali a *tenda* que se sole atopar ond'iles ainda moran. No Outeiro de Rubiós (Verea-Bande) e no de Vimieiro (Espiñoso-Cartelle) os Mouros tiveron que fuxir no segundo, *batidos polos romanos*. No Castro da Mariñá (Vales d'Oseira-Cea) estiveron os Mouros 200 anos.

Compre que refeñamos istos casos que dan ás leendas certa apariencia histórica. Outro caso imitante é o da madorra do monte Ferroedo, en Aboime (Saviñau-Monforte de Lemos); n-ela enterraron un mouro c'un grande haber; ó iren uns homes cavar pra desatual-o tesouro, as almas dos Mouros baixaron das nubes con gran estrondo de tronos e raios.

Os Mouros qu'ergueron cultura, n-unha soi-la noite, as eirexas de San Pedro da Mezquita, San Salvador de Sotomayor e San Vicente de Coucieiro tamén desaparecerán, com'os que ergueran a ponte de Liñares.

Mais outras vegadas, os Mouros ainda vi-vén n-aquiles lugares, baixo da terra, acochados, ocultos as olladas da xente. En Niguelroá, rubindo ó monte San Cibrao, qu'arreda a cheira da Limia do val da Arnola, díxome un home, falando da Mourindá:

— «Pra miñ que iles ainda viven eiquí, sute-rráneamente. Solo qu'iles teñen suas palabras que ábrese a terra e péchase».

Hei moltos casos en que iles teñen visto abrir portas nos penedos, con verbas segredas ou dándolle co pé. Asina lle pasou a un de Maceda, no monte Rodicio, vindo da feira do Castro de Caldelas. Atopou unha rapaza cho-

rando, e colleuna e púxoa na besta que leva-ba, e aixiña perdeu o tino do camiño e foi dar a uns penedos, ond'a rapaza baixouse, e dando co pé na pedra, abriuse unha porta por onde pasaron ó pazo dos pais da rapaza, onde trataron ó home a corpo de rei, e encheronlle d'ouro es alforxas.

Iles viven ainda, mais están *encantados*. Anqu'iste é asunto díficil de que nos ocupa, cumpriría afondar n-esta idea, vermos d'un xeito preciso que quer dicir na mente popular iste estado d'encantamento. Por de pronto, non é o dos mortos do outro mundo, nin é o dos vivos, o noso. Emporiso, iles vivir, viven n-iste mundo, e teñen as mesmas necesidáis que nós temos. Precisan manterenza, e unha de duas ou van mercar gando á feira, ou rouban o ganado dos labregos.

É tradicional qu'os Mouros van á feira de Xinzo, e tamén á de Verín. Os do Castro do Piñeiro van á feira d'Orbán; os do val da Loña, a moitas; os de Nine e do Neixón, á feira de Noya. Na feira d'Orbán, un home de Carballedo vendeulle unha xugada de bois a un señor, e levolllos ó Castro do Piñeiro; entrou coi no soterraño, e viu a duas mozas coas mangas recachadas, cada unha co seu coitelo, qu'ali mesmo sacrificaron os bois.

Eiquí empezan xa os paralelos que nos han guiar, os nosos Mouros viven ainda encantados, acochados ás olladas da xente, nas suas antigas fortalezas, covas, fontes e moimentos, nos penedos traballados por iles.

Outro tanto pasa na Irlanda: os *mounds sepulcras*, os *tarn* da montaña, os *pagos*, as covas, o *fondo das lagoas*, están habitados pol-as razas antigas, especialmente pol-o *Tueath* de Danand, a poderosa raza máxica, a qual, vencida polos nosos abós, os Milesians, os descendentes de Breogán e de Milesius, desapareceron d'Eirín, non porque fuxiran nin porque morreron, senón porqu'os homes perderon o poder de velos, mais iles ali están, en Brugh-na-Boyne, en New Grangé, no lugar da sagrada vila de Tara, acochados, *suterráneamente*, coma dicía o labrego de Niguelroá, cos seus inmensos haberes, ouro ás moreas.

Tamén é corrente na Irlanda a versión de qu'os duendes viven nas mámoas, qu'ali cha-man *sid*. Gervasio de Tilbury asegura que na terra dos duendes éntrase por un camiño por

baixo de terra, com'as minas e camiños soterráños que din que hai 'nos nosos castros e castelos medievás e que van dar moi lonxe, ou xuntan uns castros ou castelos cos outros.

O achárense os Danandis Irlandeses no fondo das lagoas, relaciónnase ainda cos habitadores das nosas vilas asolagadas d'Antioquia, na Limia, Maside, Carregal, Doniños, Lucerna en Valverde, do Pseudo-Turpin, e outras imitantes á ls bretone, ond'ainda se sinten cantalos galos e repicar ou dobralos sinos.

Tamén hai casos en qu'os Mouros, igual qu'os *gnomos* e os *kobolds* celta-xermánicos, rouban o gando dos nosos labregos.

Os tesouros.

Tamén eíqui poseen os Mouros inmensos haberés; ouro ás moreas, com'os Danandis irlandeses e com'os gnomos xermánicos, xolas de toda casía, onzas relucientes, qu'algúnsas vegadas sacan a asollar nas pirmeiras raiolas da mañá, coma no Outeiro de Rubiós, na Croa de Santa Cristiña e n-outros tantos lados. Os nobles e irebellos qu'iles empregan, son d'ouro fino. Un de Morgade (Lugo) qu'estivo prisoerio d'Abd-el-Krim, ouviu dicir ós mouros aló en Marrocos, que non quererían más pra se fagueren ricos, qu'a cadeira do Rei Mouro do Castro Morgadán. No monte Negro de Xurenzás (Irixo-Carballiño), un neno qu'anaba lendo man d'uns porcos, moteuse n-unha encantada, ond'estaba unha vella moura arresteando liño, e tiña a carón unha manta de millo. Un dos porcos foise tranquilamente ó millo, e a vella alitiada ceiboulle o restrelo, e con tan boa sorte fuxiu o porco co restrelo espelado que chegou á casa; o dono colleu o restrelo, e viu qu'era d'ouro. Ainda lle chaman ós netos *os do restrelo*.

Outras vegadas, fálase de xugos d'ouro ou d'eixadas ou de relhas d'arado. Non é esta ocasión pra falarmos dos tesouros de Galiza, que fixo soudos o *Grande Libro de San Cipriano*. Non hemos dicir mais senón que de cole foron as terras célticas abondosas d'ouro, e Galiza foi se cadra das terras do mundo onde mais tesouros verdadeiros se teñen atopado, e a colección Blanco Cicerón é unha boa proba. Non é somente en Galiza e Irlanda; tamén hai tesouros na Bretaña. Ali son os ena-

nos os qu'os gardan. Por certo que din que non convén ter tratos coiles, porqu'apesares da sua riqueza, o seu diñeiro non é de boa lei. É o que pasa tamén por vegadas cos nosos Mouros: dixéronme con referencia ós que viven ond'a tomada d'auga do río da Loña que surte a Ourense, qu'aquiles chegan a unha feira, perguntan o que val o qu'iles queren mercar, collen pol-a palabra á xente, pidelles, iles pagan, e ó chegar á casa o que cobrou, atópase sen diñeiro; pagáronlle con *diñeiro encantado*. Non outra cousa é o misterioso ouro dos kobolds das leendas nórdicas, os quáles poden dar apariencia de moito valor a materiais despreciábeles.

Tamén sole acontecer o caso contrario: o ouro toma apariencia de cousa sen valor, nin mais nin menos que nos contos de Grimu e nas leendas da Europa central e septentrional: unhas vegadas, carbón, coma no Castro de San Facundo, en Cea, ond'apareceu unha pía chea de carbón, qu'era ouro, mais cando o qu'a achou volvے ó sitio, os carbós desapareceran. Outras son cousas más porcas: no Viso, ó pasal-o río d'Allariz, unha rapaza qu'iba ó monte coas cabras, viu unha muller atrás d'un penedo, flando, c'un neno no colo, a qual muller pediulle leite pr'o neno e mais pra ela; a rapaza diullo e despois que o beberon, a muller colleu o cazolo, meteu algo dentro e diullo á rapaza pra que llo levara aixiña á nai sen mirar o qu'iba dentro. A rapaza destapou-no oo camiño, e viu qu'era porquería das cabras... Tirouna e marchou á casa co cazolo, mais a nai, ventando qu'era cousa encantada, foi recoller a porquería das cabras, e cando voltou á casa, e a ouro. Ben apercibimos elquí tamén o cerante de cole unha migra humorístico das leendas nórdicas que falan dos gnomos e kobolds.

O poder dos Mouros

Os Mouros encantados teñen ademais da sua riqueza, un gran poder. Primeiramente, teñen unha tremenda forza fisica. Non sabemos si foi co-esta forza si foi coa feticelria, com'ergueron ir-2 eirexas u-unha noite, nos lindieiros da Rabida, porque na nosa terra ten habido ata frades que facían qu'o demo llez carreirada a pedra pr'os seus conventos, coma

cóntan-dos de Samos. Mais dos Mouros sábese que maquián os penedos meirandes d'un lado pr'outro, coma quen leva un queipiño de noxes pra regalar. O Penedo dos Mouros, nas Teixugueiras, na Mezquita, levába-o unha moura sostido no dedo meudiño, meido por un burato que ten, e ó mesmo tempo, levaba a roca pra fiar, un neno nos brazos, e o xantar pra todos na cabeza; un dia qu'iba apresa caíulle o penedo e fendeuse.

Pódérase ver eiqui, e compre nono esquecer, a lembranza das poboacíos ciclópeas que en fontos lados se conservan, as antigas poboacíos de xigantes e d'enanos, tan estesas na Europa.

As semellanzas coas razas míticas europeas célticas en particular, siguen ainda no que se refire ós poderes máxicos e á posesión dos segredos da natureza. Dos poderes que mais omiudo se lle solen apôr, en común cos duendes nórdicos, son o de se fagueren invisibles e o de trocaren de figura. Eixemplo do primeiro, é o que lles aconteceu a dous mozos d'Orbán qu'atoparon duas rapazas moi fermosas na feira do dia 6, moi ben postas e cada unha co seu queipo no brazo, e fórman acompañando, de moita parola, mais ó chegaren ó sitio que chaman o Salgueiriño, as mozas desapareceron de súpito, deixando os galás coa boca aberta.

Mouros e mouras, toman qra que nonos coñezan moitas figuras: en Portugal, asegún Martins Sarmiento, adoptan tomar figura de cobras. Tamén eiqui, antr'outras moitas, unha moura qu'apareceu n'unha fonte no val da Loña, e que lle gustou a un rapaz d'allí que se fixo seu mozo, mais coma non tiña cartos pra casar, ela dixolle que había no pilo da fonte dous sacos cheos: il foi con outro amigo, baledaron a fonte e sacaron os cartos, mais cando volvieron, ela trocouse en serpente. Na montaña do Incio, din qu'os mouros da cova de Santa Cristiña do Viso collen antr'outras figuras, a de lagarto.

Tenén tamén o poder de botar encantos. En Xurenzás (Irixo-Carballiño) un mouro chamado Zás, encantou a filla d'outro mouro, da qu'estaba namorado. As donas que aparecen peileando os cabelos, unhas vegadas son mouras outras son donas encantadas polos mouros, com'a do Monte das Croas, na parroquia

de San Martiño de Salcedo (Ponferrada). Esto lembra a leenda dos elfos e dos duendes, que rouban rapazas pra durmiren co-elas, e perpétual-a sua raza.

E non falo mais eiqui das donas encantadas, porqu'iste, anque apareza relacionado co de que tratamos, e moi especialmente cos tesouros, é outro mito diferente.

A pagania dos Mouros

O que non son istos Mouros é cristiaos. Crer'está, hase dicir: si son mouros, non son cristiaos. Mais de certo, istos Mouros que comen porco, tampouco s'ase mellan moito ós mouros verdadeiros; en realidá non teñen outra cousa que s'imiten ós mouros, mais que no de non seren cristiaos.

Mais nono son, nin-o queren ser: no Castro d'Abuime (Savínao-Monforte) había unha moura qu'un dia chamou a unha rapacinha qu'andaba co gado, pra que lle catará os piochos e a penteara. E dicíalle:

- Ten man, volve a testa ó toser, que si me cuspes, vólvome cristiana!

Á veira da estrada de Castela, por riba de Taboadela, hai un curulo picudo que chaman Outeiro de Boa Madre. Chámallo porque ali vivía unha familia moura, mais unha das mulleres era cristiá, e tivo un fillo e iste fillo, crer'está, era negro coma pez. A noi quíxoo bautizar e os mouros entrabechados, condenárona á forza. Mais ela así e todo bautizou o fillo, e mesmo ó bautizalo, volveuse branco como os cristiaos... E os Mouros qu'aquello viron, convirtironse todos á verdadeira relixión... Cantos casos coma iste se non referirían no tempo da padricación apostólica na nosa terra!

Relaciós cos cristiáos

Tocantes a iste punto, as versiós non están contestes. Bifurcanse. En certos casos, nonos poden ver, e ainda contan que son antropófagos, embora a antropoxaxia pode acontecer que sexa por duas causas:

Por comer carne de cristião:

Na feira d'Orbán - caso xa referido mais enriba - un paisano d'onda Carballedo, atopou un Señor que lle mercou unha parella de bois e pideulle que llos axudara a levar, e ó ch-

garen ó Salgueiriño, o señor aquil pelo co pé na terra e a terra abriuse e pol-o burato pasaron homes e bois; andiveron un pouco por baixo da terra, e entón o señor deulle un remuxón ó peisano e dixolle:

— Quédate éhi n-esas esquinas.

Entón foi cando apareceron as fillas pra mataren os bois, e o peisano pensou qu'el era a sua, mais logo viu que se puñan unindo un pouco, e unha d'elas dixolle ó señor:

— Papai, cheirame a carne de cristianillo vivo!

E o pai respondeu:

— Non, miña filla, qu'é pan cocido!

N-outro caso igual, a familia do Mouro di que cheira a carne de cristiano, e o Mouro diz que é él que ven d'andar antr'iles... Non hai eiquí, ademais da alusión á antropofaxia, unha lembranza do cheiro caraterístico das razas? Cheiraremos os galegos a pan cocido?

Por castigo:

No monte das Cantariñas, na parte oucidental de Limia, hai uns penedos de raro feito traballados pol-a erosión. N-un d'iles hai unha sorte de caracocha qu'ofrece no fondo unha cómoda cadeira, gardada do vento por todos lados agás pol-o frente, e cunha fenestra oval á man dereita, formando coma si fora un confesionario. Aquil é o *peinador da Moura*, e hai tamén a pía onde se bañaba, cadeiras, regos e pozancos. Por ali andaba gardando as ovellas a Mariquitiña, unha nenita mol feita. E de cando en cando, surtia dos penedos unha señora que collía á nena e levába e penteába moi ben e despox dáballe carbón e dicíalle qu'o levara pr'a casa mais non dixerá nada a ninguén. E a rapacinha voltaba pr'a casa moi lavada e penteada. Sen se saber quen a adubaba d'aquil xello, e o carbón que traxa ó chegar á casa volviase diñeiro.

E asina trouxo molta riqueza; mais a nai perguntou e perguntou, e por fin a Mariquitiña referiu o que lle pasaba no monte. Entón, cando volvío aló, a señora comeuna. E coma non daba volta á casa, a nai esconsolada foi ó monte chamar por ela, e chamaba e herribaba; mais ó chegar ond'os penedos, ouvío unha voz que lle respondía:

— A Mariquitiña, por lengoreteira

Está na miña barriga

Fritida con alio e manteiga.

NOS

Hai un variante d'iste conto n-iste lado, onde din:

— A Mariquitiña por parladora

Está na miña barriga

Fritida con alio e cebola.

No Castro de Frameán, había unha moura que lle bolaba millo miúdo ós porcos d'unha muller que si lle daba un porco, que lle mantiña ela oito. A muller non quixo, e entón un día que mandou unha filla cos porcos ó Castro, os porcos volveron, mais a filla non. Foi nea buscar, e iba berrando:

— Teresiña! Teresiña!

E ouvío unha voz que sentía debaixo da terra:

— Unha asada e outra cocida.

Estas historias, en primeiro termo, relacionan ós nosos Mouros cos ogros dos contos europeos. Os ogros viven tamén no escuro fondo das antigas devesas nórdicas, nos pendos, baixo da terra; devoran homes, e sobre todo, nenos; conocen os segredos da bruxería; e anque son ruis, ás vegadas son protetores dos homildes, salvadores dos indefensos.

Os ogros teñen tamén apariencia de bestas, e d'eslo temos nós outra supervivencia no *urco*, que semella qu'era un can grande con cornos, qu'andaba de noite. O seu nome, que Murguía quixo derivar do *urka* sanscrito, é o mesmo d'onr vu o francés *Ogre*, inglés *hogre* o *oreus* latino.

En xeral, todal-as razas misteriosas, que disponen de tesouros ou de poderes máxicos, que contémptran ós homes dend'un plan superior, protexen ós desvalidos e ós inocentes, e premian os servizos qu'un lles fai, mais imponen de cote certas condicíos que por forza hai que gardar, e principalmente, a obriga de gardal-o segredo mais completo de todo o que co-iles se relacioa. Iles non queren ser descubertos, non queren que se sepa dos seus tocós nin do que n-iles gardan, e castigan ó qu'os revela, co-ise rigos das leis do mundo feérico que tanto chamara a atención de Chesterton.

O castigo ven esautamente, coma secuencia necesaria da falta, co na no *karma* indo, mecanicamente coas mis cucañas... Veleiquí a lei fatal que preserva o mundo astral da introducción dos profanos. Os nosos Mouros gardanxe dos profanos coi'os membros d'unha

loxia, cubren o seu tempo, non queren que seña profanado. Aquil mundo é Sagrado, é *tabu*, compre gardalo das olladas indiscretas do *inops*. O qu'o creba, corre o risco de ser devorado pol-as forzas incontrastábeis que n-lle mundo se desencadean. Se non esgaza impunemente o *veo de Maya* qu'arreda iste mundo do outro, e que só as olladas privilexiadas poden traspasar, porqu'aquela é unha terra d'encanto e maravilla, a terra de Beliún, cantada pol-os bardos, quen sabe si non é o antigo empíreo céltico? A terra galega algo tivo tamén d'empíreo, cecais, s'hemos dar fino ás consideracíós que fai Costantino Cabal, o mitógrafo asturián.

Temos estudiado, pois, os carauteres mais saíntes que distinguen ós nosos Mouros encantados. Sabemos qu'es leendas qu'a illes se refiren, leendas localizadas en todo caso, son espricalivas dos molementos prehistóricos ou históricos, ou de lugares qu'ofrecen alguma particularidade misteriosa, e sabemos tamén que hai casos en que lle non chaman mouros ós habitadores d'ises lugares, senón que molitas vegadas son *enanos*, *xigantes*, *nenos* con

barbas, *señores*, *donas*, *doncelas*, etc. E mais todos illes son da mesma raza mítica. Esto compre lelo en conta, xa que sen dúvida ningunha trátase d'unha *concentración* de leendas e de diversas sustitucións de persoaxes.

Esto é o qu'imos ver no remate d'iste traballo que sairá pra outra vegada.

VICENTE RISCO

AVISO AOS NOSOS SUSCRITORES

Comenzando con este número a maioria das suscripcións à NÓS, cuio pago é por adiantado, rogamos aos suscritores que se atopen en descuberto con ista Ademínistración nos remitan o importe da presente anualidade antes da aparición do próximo número que mandaremos certificado contra reembolso por PESETAS 6'75 (montante da suscripción e gastos de xiro) a todolos señores que non estean ao corrente.

A ADEMÍNISTRACIÓN.

As arelas da mosca semi-panteísta

A mosca ten arelas infinitas. De noite, n-un recanto do teito: peilea os seus degaros cas patas dianteiras. Escucha como no leito se remexe un racional atelgado de suor e de sono, e debulla, sin sentimento, as bacterias arredades pol-as suas extremidades. O seu pensamento voa moi outo.

Quixera percorrer fuxilivamente – 100 kilómetros por hora – o vieiro de espirales que sai das pipas dos deleites de novela.

Quixera esnaquizar todolos vidros, vislóns fantásticas da nada.

A mosca semi-panteísta arela libertade. Loí-la co pensamento contra a sua inquisición – hixiene – e trema de medo (cando se lembra) dos seus instrumentos de tortura – mosquileiros.

O cordón umbilical da sua gorxa, faille mover a cachola a xeito de reflector sin lus. Aluméa as febras de inquedanzas e impresiona as placas do seu instinto séptico.

Entre as moscas non hay circos, porque sendo todas monarcas da barra e do trapecio, non atoparian espeitadores nin músicos de cornetín. O eterno desencanto da mosca deportista, é non se sentir admirada nos seus traballos ximnásticos nin apraudida polos reforzamentos dos seus membros. Por eso a mosca semi-panteísta, non da, xa, brincos mortaos nas febras.

A i-alma da mosca navega no aeroplano do seu organismo, sin medo nin fachenda.

Si os homes foran coma moscas – ou vice-

verso — sería deleitoso vixar a cabalo d-un d-estes animais. Farlanse caravanas que gateñan pol-a escurredoira xerfa azul do firmamento e carreiras de moscas que sorteasen as chimineas das fábricas e as torres das eirexas.

A mosca semi-panteista, doise de non ter estiligráfica e de non saber escribir, pra redactar, nas longas noites en que os racionais lles dá por non matar a lúa, unha obra autobiográfica e estilo da de Gide.

NÓS

Tamén quixería que a intervluvaran pra conilar que en certa ocasión, se lle pousou n-unha faceira a un persoaxe de James Joyce.

A mosca semi-panteista, pra pasar á Hestoria, non lle falla mais que sacarse un retrato, e logo, suicidarse, meténdoselle polo nariz a un conferenciante.

MAGARIÑOS NEGREIRA

Bibliografía da prehistoria galega

(Remate)

116. — MURGUIA, Manuel. «Peñasco con insculturas en Mondariz». Boletín de la R. Academia Gallega. Ano X. Núm. 95, páx. 259, 1915.
Fotografía da inscultura de Pias, con círcos, covilhas e outrasfiguras. Iste artigo foi reproducido na revista «Mondariz».
117. — «Curiosidades históricas». Boletín de la R. Academia Gallega. Ano I, núm. 8.
Referencias á identidade de poboación antiga de Irlanda e Galiza consignadas no s. XVII no «Libro Vello» de pergamenos do Concello de A Cruña.
118. — «Historia de Galicia». Tomos I e II. Lugo, 1865. A Cruña segunda edición aumentada, 1901 e 1905.
119. — «Galicia». Volumen da Biblioteca «España. Sus monumentos y artes. Su naturaleza e historia». Barcelona 1888.
120. — «Los torques de Centroña». Boletín de la R. Academia Gallega. Ano VII. Núm. 66, 1912.
NOGUEIRA, Ulpiano. — Véxase SANTIAGO.
121. — NOVOA, Evaristo. — «Los Castros Gallegos». Almanaque Gallego de Buenos Aires. Ano 1898, páxs. 24 a 26.
122. — NUÑEZ SARMIENTO, Eduardo. «Antigüedades de Noya. El crucero de Berlimes y el túmulo de Barbanza». Galicia Diplomática. Tomo IV, páx. 133.
123. — OBERMAIER, Hugo. «Impresiones de un viaje prehistórico por Galicia». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense. Vol VII, números 143 e 149, Xaneiro-Abril, 1923.
Hay separata. Vista conculta da prehistoria galega. Publicación de algúns material novo das coleccións Sampayo, Requeixo, etc.
124. — «El Hombre Fósil». Memorias de la Comisión de Investigaciones Paleontológicas y Prehistóricas. Segunda edición, Madrid, 1925.
Publica xa como asturianos algúns dos seixos do cunhal de Sáa.
125. — «Die bronzezeitlichen Felsgravierungen von Nordwestspanien (Galicien)». en Jahrbuch für prähistorische und ethnographische Kunst, Berlin, 1925.
Amplicación da parte correspondente das «Impresiones...»
126. — OVIEDO ARCE, Eladio. «Dos nuevos torques de oro». Boletín de la R. Academia Gallega. Tomo IX, núm. 99, páxs. 49 e sigts, 1915.
PARGA PONDAL, Salvador. Véxase PEREZ BUSTAMANTE.
127. — PEREZ BUSTAMANTE, Ciriac e PARGA PONDAL, Salvador. «Notas de Arqueología prehistórica galaica. Los dólmenes de Domínguez y de La Gándara (La Coruña)». Separata del Boletín de la Biblioteca Menéndez y Pelayo, Santander 1924.

128. - PERICOT, Luis. «Los vasos campaniformes de la colección La Iglesia». Boletín de la Real Academia Gallega, núm. 192, Marzo de 1927.
 Hay separata con pequeño prólogo. Restauración do vaso campaniforme de Ponte de García Rodríguez publicado varias veces resultando douce exemplares.
- PINTOS LOIS, Octavio. Véxase IGLESIAS VILARELLE, Antón.
129. - PORTELA PAZOS, Salustiano. «Insculturas rupestres». Revista «Ultreya», número 6, páxina 87, 1919.
130. - PORTFOLIO DE GALICIA. Naturaleza y Arte. Primera serie. La Coruña, Ferrer, editor, 1904.
 Fotografías de dólmenes, túmulos e outros monumentos prehistóricos.
131. - PUIG y LARRAZ, Gabriel. Inscripciones ibéricas de Galicia». Boletín de la R. A. de la Historia, Tomo XXXI, páxs. 414 e sgts.
 Ocupase de certos signos, que coída ibéricos, de Penedos de Leiriz e Tabedrás, de un anel do Museo de Ourense e de unha pedra da Eirexa de S. Xotón de Monterredondo (Padrenda, Ourense).
132. - REALLEXIKON DER VORGESCHICHTE, dirixido por MAX EBERT. Volumen I, Berlin, 1924.
 En publicación. Da prehistórica española están encargadas Obermaier, Bosch-Gimpera, Ansel del Castillo, Pericot Colomina, Serra Ratois e A. Mayr.
133. - Redaición do B. de la C. P. de M. H. y A. de Orense. «Importante hallazgo arqueológico». Vol. VI, núm. 140, Sept. - Oct., 1921, páx. 335 e 336. Un fotogramado.
 Hachadego da Urdiheira (Gudiña). Duas pulaceras de Ouro e unha peza discoidal ó parecer de substancia pétreas ou vidrosa.
134. - «Noticias», Vol. V, núm. 107, 1926.
 Entrada no Museo de un machado de pedra procedente de Beariz.
135. - «Noticias. Descubrimientos arqueológicos en Santa Tecla». Vol. IV, núm. 92, 1913.
136. - «Noticias». Vol. IV, núm. 90, 1913.
 Entrada no Museo de un machado de bronce de Viladerrey (Cenlle).
137. - «Noticias». Vol. V, núm. 78, 1911.
 Acocho do Roufeiro de ouzetas ergáscicas.
138. - «Noticias». Vol. II, núm 44, páx. 360, 1905.
 Entrada no Museo da espada de bronce de Forcos do Sr. Conde Balbís e de un machado de pedra de unha mámoa de Aviñón.
139. - «Noticias». Vol. II, núm. 46, 1905.
 Entrada no Museo de tres goibas, un raspador e un machado de unha mámoa de Vilamarín.
140. - «Noticias». Vol. II, núm. 25, Marzo - Abril - 1902.
 Entrada no Museo de material de mámoas de Cea e Vilamarín das escavacións do Sr. Sanxurxo.
141. - «Noticias». Vol. I, núm. 17, páx. 312, 1901.
 Entrada no Museo de material de mámoas da prov. de Lugo das escavacións do Sr. Sanxurxo.
142. - «Noticias». Vol. III, núm. 8, páx. 64, 1906.
 Entrada no Museo de un machado de pedra de unha mámoa de Vilamarín.
143. - «Noticias». Vol. III, núm. 52, páx. 80, 1906.
 Noticia da entrada no Museo de un machado de pedra do Concello de Xinzo.
144. - «Noticias». Vol. III, núm. 53, páx. 96, 1906.
 Entrada no Museo de un machado de pedra de Bande.
145. - «Noticias». Vol. II, núm. 30, páx. 124, 1903.
 Entrada no Museo de un machado neolítico e de cerámica topado por D. Xesús Palacios n-unha mámoa das Gándaras de Budiso.
146. - REDAIZON da revista NÓS. «Intento de unha catalogación dos castros galegos». Número do 15 de Xaneiro de 1923.
 Describe os castros de Barredo e Castrelo.
147. - REDAIZON do Boletín de la R. Academia de la Historia. «Castros célicos hallados cerca de Santiago de Galicia». Tomo X, páx. 416.
 Novas de douos castros pertenecientes ao Sant-Iago comunicada por D. X. Arias Sanxurxo.
148. - RISCO, Vicente. «Galiza Céltiga». Revista NÓS, números 3 e 4.
 Sistematización e traducción da custodia dos celtas galegos.
149. - RIVERA, Cesáreo e VAZQUEZ, Víctor M. «Guía de Galicia». Madrid, 1883.
 Na páx. 207, trai curiosa nota de un castro e de unha estatua de pedra topada n-él na serra de Aviñón.

150. - RIVETT CARNAC, J. H. «La piedra de la Coronación de la Abadía de Westminster y su concesión legendaria con Santiago de Compostela». *Boletín de la R. Academia de la Historia* Vol. XL, pág. 450, 1902.
151. - RODRIGUEZ GALLEGOS, José. «Galicia Prehistórica». *Boletín de la R. Academia de la Historia*. Vol. XLVII, pág. 406, 1905.
152. - ROMERO CERDEIRINA, Anxel. «Notas para un estudo da Urñizira» na revista NÓS. número 31, 1906.
Castros, casas circulares, arte rupestre, folclore.
SAMPEDRO, Castro. Véxase X.
153. - SANDARS, Horace. «Arqueología celta-romana». *Boletín de la R. Academia de la Historia*, Tomo LXI, pág. 534.
Nota encol de un torque gallego de ouro.
154. - SANTIAGO, José de y NOGUEIRA, Ulpiano. «Bayona antigua y Moderna». Madrid, 1902.
Identificación de localidades prerromanas.
155. - SARALEGUI y MEDINA, Leandro. «Los Castros. Estudios de Arqueología prehistórica» na revista «Galicia» de D. A. Martínez Salazar, Ano I. Núm. 8, Cruña 1887.
156. - «Adobrica» no Almanaque Ferrolano de 1909, pág. 135.
Localización de iste Burgo prerromano no concello de Valdoviño. Ferrol.
157. - «Libunca». Almanaque Ferrolano de 1910, páxi 156.
Identificación de ista localidade antiga co castra do monte Ascas, freguesía de Neda. Ferrol.
158. - «Estudios sobre Galicia». Biblioteca Gallega dirixida por A. Martínez Salazar, 1888.
159. - «Estudios sobre la época céltica en Galicia». A primeira edición é de 1867; a terceira de 1894.
160. - SARALEGUI y MEDINA, Manuel. «Los monumentos megalíticos en España». Madrid 1918.
Dólmenes galegos.
161. - SARMIENTO, Fray Martín. «Manuscrito de la R. A. de la Historia, código II. 9, 4. Volumen IX, folios 337 v. e 339 v., s. XVIII. Mamoas de Barbanza e Salada, principalmente.
162. - «Sobre la Voz Oleiros» no Semanario Erudito de Valladares. Tomo XX pág. 71. Madrid, 1781.
Supón que este nome tan corrente na toponímia galega indica lugares de incineración. Dólmenes, principalmente de Río de Arousa.
163. - «Onomástico etimológico de la lengua gallega». Folletón de «La Integridad» diario de Tuy, 1923.
Novas de mámoas, etc., nas páxs. 1906 e sgts.
164. - SAUNIER, Luis. «Investigación histórica acerca de las antiguas explotaciones de oro en España». *Boletín de La C. P. de M. H. y A. de Orense*. Vol. IV, números 74, 76 e 78. 1910 e 1911.
165. - SCHULTEN, Adolfo. «Hispania (Geografía, Etnología, Historia)». Traduc. de P. Bosch Gimpera y M. Ariegas Ferrando. Barcelona, 1920, con un apéndice sobre «La Arqueología prerromana hispánica» por P. BOSCH GIMPERA.
166. - SEGUIN, P. Pascasio de. «Galicia reyno de Christo Sacramento y Primogénito de la Iglesia entre las gentes, etc. México, Ano Santo de 1750.
Hay edición de A Habana de 1847 publicada co nome de «Historia de Galicia» e unha adición dos editores.
- Alude a insculturas rupestres.
167. - SOBREIRA, P. Juan. Cartas e papeles do Arquivo da R. Academia de la Historia. Derradeiros anos do s. XVIII.
168. - SOBRINO, Ramón. - «Insculturas galaicas prerromanas». Revista «Ultreya», Santiago, 1919, números 5, 6, 7 e 12.
Exemplares rupestres de terras pontevedresas.
169. - «Sobre los orígenes y fundación de Pontevedra». «La Temporada» semanario de Mon-

- doriz. Ano XXXV, núm. 15, 16 de Sept. de 1925. Foi publicado antes no «El Faro de Vigo».
- Grabados de insculturas pontevedresas.*
170. — SPENCER DOGSON, Eduardo. «Antigüedades coruñas. Sobre escritura ogmica». Boletín de la R. Academia de la Historia. Tomo. LVIII páx. 408, 1911.
171. — «Galicia Histórica. El dólmen de Dombate». La Voz de Galicia. diario de A. Cruña. número de 10 de Abril de 1911.
- Nota relatando a visita feta polo autor ó dólmen de Ponselo cerca da aldea de Dombates.*
172. — TENORIO, Nicolás. «Viana del Bollo. Pobladores prerromanos». Boletín de la Comisión P. de M. H. y A. de Orense. Volm. II, núm. 40, páx. 281, Sept. — Octu. de 1904.
- Machados de bronce. Epigrafia.*
173. — TETTAMANCY GASTON, Francisco. «La Torre de Hércules». La Coruña, 1920.
174. — «Bolcentril. O druidismo e o celtismo galegos. A epopeia irlandesa». A Cruña, 1912.
- Monografía do castro de tal nome. Celtaismo.*
175. — THOMSON, Guillermo S. «Impresiones y Tradiciones». 1907.
- Noticias de un Castro perdo de Lugo.*
176. — VAAMONDE, Florencio. «Arqueología druídica» na revista «Galicia», núm. 105. A. Cruña, 1887.
- Castros.*
- VAZQUEZ, Víctor M. Véxase Ribera.
177. — VAZQUEZ NUÑEZ, Arturo. — «Estudios protohistóricos. La Edad del Bronce en el Museo Provincial de Orense». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense. Vol II, núm. 39, Xullo — Agosto, 1904.
- Machados de bronce e outros.*
178. — «Estudios protohistóricos. Las Mamoas». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense. Volumen I, núm. 20, páx. 334. Xunio 1901.
- Esterio do Barbantito de S. Cibreiro. Mobiliario de unha mamoas dolménica.*
179. — UN TROGLODITA (Anxel del Castillo). «Los Castros y el Sr. García de la Riega». en Tierra Gallega xornal de A. Cruña, 1906, número 976.
180. — VEREA y AGUIAR, José. «Historia de Galicia». Ferrol, 1836.
181. — VICETTO, Benito. «Historia de Galicia». vol. I. Ferrol, 1865.
182. — VILLA-AMIL y CASTRO, José. «Crónica de la provincia de Lugo». Madrid, 1866.
183. — «Antigüedades prehistóricas y célticas de Galicia». Lugo, 1873.
- Pranta e alzado de duas cistas no Valadouro. Excavacións en covas de bisbarra de Mondolledo e outras notizas.*
184. — «Adornos de oro encontrados en Galicia». Museo Español de Antigüedades. Tomo III, páx. 548, 1874.
185. — «Armas, utensilios y adornos de bronce encontrados en Galicia». Museo Español de Antigüedades. Tomo IV, páx. 59, 1875.
186. — «Los Castros y las Mamoas de Galicia». Museo Español de Antigüedades. Vol. VII, páginas. 195 a 237, 1876.
187. — «Exposición organizada por la Sociedad Económica de Amigos del País. Objetos que expuso el Sr. D. José Villa-amil y Castro». Santiago, 1885.
- Relación de ouxetas de ouro, cobre e bronce topados polo autor en castros e mimosas.*
188. — «La Edad prehistórica en Galicia según Carlallhac». Revista «Galicia» de Martínez Salazar, núm. 2, 1887.
189. — «Memoria sobre la creación de un Museo Arqueológico en la ciudad de Santiago». Santiago, 1887.
- Relación de ouxetas prehistóricas do autor e da Sociedad Económica.*
190. — «Castros». Galicia Diplomática. Vol. III, 1888, páxs. 270 e 271. Santiago.
191. — «Otra piedra vacilante y varias rectificaciones». Galicia Diplomática. Ano III, núm. 30, páxina 226. Santiago.
192. — «Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos». Boletín de la C. P. de M. H. y A. de Orense, números 53, 54, 55 e 57 (1907).
193. — «Poblaciones, monumentos y caminos antiguos del norte de la provincia de Lugo». Boletín de la Sociedad Geográfica de Madrid. Tomo V, páxs. 81-139. 1878.

194. - X. (D. Casto Sampedro). «Indicaciones epigráficas desde La Guardia a Santiago». Artigo na «Guía del Turista. Mondariz, Vigo, Santiago», Madrid, 1912.
Resumen de noitizas de machados, fibulas e estanques arqueolóxicos con relación especialmente ó museu de Pontevedra.

A D D E N D A

- BOSCH GIMPERA, Pedro. Véxase SCHULTEN.
195. - CALVO, Ignacio. «Citanias gallegas» na Revista de Arch. Bibl. y Museos. Tomo XXXI, 1914, páx. 63 e sig.
Refírese á do Tegra. Iste artigo apareceu editado aparte n'un folleto xa citado do autor en compaña do resultado de investigacións posteriores.
196. - CASTILLO, Angel del. «Prehistoria gallega. Hachas de bronce de talón (hallazgo de un depósito)». Boletín de la R. A. Gallega. Ano XXII, Tomo XVI, números 194 e seguintes, páxinas 35 e segs. 1927.
Seis machados de S. Xiao de Cumbraos en terras de Sobrado dos Monxes. Hachadzgos soltos. Castro.
197. - CATÁLOGO de la Real Armería. Madrid, 1854. páxs. 87 e 88.
Co núm. 1722 catalogase unha caixa cos dous machados de bronce atopados en 1817 perto de Compostela e remitidos pol-o Conde de Maceda.
198. - FONTECS, Joaquín. «Uma excursão arquelógica a Galiza». Separata do núm. V de «Arqueología e Historia. Orgao da Associação dos Arqueólogos Portugueses». Lisboa, 1927.
Insiste en calificar de chelenses os seixos de Campesancos. Insculturas de Oya. Machado de dous anelos de Caminha. Consideracións en col das nosas edades do Bronce e do Ferro.
199. - MAYORDOMO, Valentín. «La ciania de Santa Tecla en la Provincia de Pontevedra». Ibérica, revista do observatorio do Ebro. Ano VII. Tomo I, vol. XIII, núm. 311.
200. - SPENCER DOGSON, Edward. «Mais monumentos destruidos». Artigo do diario de Tuy. «La Integridad». 6 Abril 1911.
Fala dos monumentos da Bisbarra de Laxe.

FLORENTINO L. CUEVILLAS e FERMIN BOUZA BREY

Mes de Maio de 1927.

Os homes, os feitos as verbas

LIBROS

PROEL, por AMADO CARBALLO.

LU feixe de poemas segados no lamziro da veiramar c'unha fouce figurada pol-o crecente ledo e mozo que s'afia nas illas bretemosas da boca-ria. O rechouchelar dos concioneiros — as verbas teñen gosto de froito e de marisco — brinca pol-as escadas mariñas dos versos sinxelos, carregados pol-o arume salgado da onda cantareira e do piñeiral inzando a carón das roibas playas. Un senso de xogo na mañán musical. E nin un verso vello, nin unha imaxe usada. Tan novo, c'a eterna novidade do poema sentido, coma o sol engayolado na arboladura d'un bergantín saindo pr'o largo.

Por baixo, e arredor dos poemas latexa un vibradoiro mundo decorrente. Iste versos ecónan en nós e fan-nos abenzoar a sua saída ó mundo. Pois leñese moitas vegadas, fan regueiros pol-os soulos e milleirales do espírito e levan-nos no seu ronsel saudoso, gostosamente.

¿Críticas? Non. ¿Pra qué? Desexo deixar istas coartillas, e dinantes qu'o sol s'enterre percorrer unha vegada mais, idolos os poemas dend'o «Limiar» hasta «Afogado». Pois logo por un istante, fuxen moitas acedumes, mentras alentamos no aer d'libro de Amado Carballo.

SANATORIO QUIRURJICO

DIREITORES

Manuel Peña Rey

Ginecología e Partos

José Mosquera Blanco

Cirugía geral

Especialista na gorxa, nariz e ouvidos

Situado frente á Alameda do Croceiro, ten todol-as condicíos precisas.—Práuticasa toda cráis d'operacíos.—Dotado de todol-os adiantos que pide a actual Cirugía.—Modernas instalacións de RAYOS X para diagnóstico e RADIOTERAPIA superficial e fonda con voltaxe de 220.000 voltios.—Aperello de Diatermia para tratamiento de Auextos, procesos inflamatorios, reumatismo, etcétera.

Lámpara de cuarzo pra sol d'altitude e ultra-violeta pra tratamiento d'escrofulosis, reumatismo, alopecia, eczemas, etcétera. Admitense embarazadas, e contase co material esterilizado pra fona da cldade en casos d'urxencias.—Poden colaboraren todol-os compañeiros, previo consentemento dos directores.

BODEGAS GALLEGAS PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS Blanco BRILLANTE, LOS GALLEGOS blanco e fino

Macía e Valeiras, Apartado 18 -- Ourense

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

LUIS FÁBREGA
Droguería e Farmacia
Progreso esquina a Luis Espada
OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM
De mais dura qu'os de pruma e limpa millor
Véndense en todol-os estabrecimentos do ramo
Andrés Perille - OURENSE

MERQUE VOSTEDE

SÍNTESIS XEOLÓGICA DE GALICIA
POR
Ramón Otero Pedrayo

**Augas bicarbonatado-sódicas de
MONDARIZ**



**FONTES DE GÁNDARA e TRONCOSO
Propiedade dos FILLOS DE PEINADOR**

MONDARIZ—BALNEARIO está situado a 35 kilómetros de Vigo
e a 20 das estaciós de Porriño e Salvatierra de Miño

O Hotel do Estabrecimento está aberto do 1.^º de Maio a 31 d'Outono